

PROCEDEMENTO DE REPARTO DOS FONDOS DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DESTINADOS AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

No Consello de Goberno de 4 de maio de 2005, dentro do Regulamento de funcionamento do catálogo de investigadores e grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, aprobouse o que segue:

“Artigo 10: Accións de apoio á actividade dos Grupos de Investigación.

A USC garantirá, por proposta da Vicerreitoría de Investigación e Innovación e logo da aprobación do Consello de Goberno, que unha porcentaxe da *Axuda á Produción Científica* xestionada pola Vicerreitoría de Investigación sexa destinada directamente aos grupos de investigación. Para determinar a dotación asignada a cada Grupo terase en conta a produción científica e grao de financiamento xerado por todos os membros do grupo de investigación, de acordo aos criterios de baremación establecidos pola Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno.”

Como consecuencia, unha vez determinadas as cantidades que corresponden a cada grupo de investigación, e para facer efectiva a medida anterior, esta Vicerreitoría resolve establecer o seguinte:

PROCEDEMENTO

- 1. As cantidades que os grupos de investigación reciban como consecuencia da súa producción científica son ingresadas nas partidas xenéricas dos Departamentos e Institutos Universitarios aos que pertenza o coordinador.*
- 2. Para facer uso destes fondos o máis conveniente é utilizar as "contas internas" de SICUS, de maneira que se podan controlar de xeito independente por cada grupo.*
- 3. O director do "centro de gasto" continuará a ser o director do Departamento/Instituto, aínda que os fondos estean asignados ao coordinador de cada grupo de xeito que, aínda que as propostas de gasto partan de cada coordinador, quen debe asinar formalmente os documentos de gasto será o director do Departamento ou Instituto Universitario.*

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación

*Directores de Departamentos
Responsables de asuntos económicos*